

GUÍA PARA A MESA DO DEPORTE

II Gala do Deporte - Salceda de Caselas

O xurado: labor e funcións

O xurado é o órgano encargado de avaliar de forma obxectiva e rigorosa aos/ás candidatos/as aos distintos premios da Gala do Deporte. A súa función principal é valorar o mérito, a dedicación e o impacto dos deportistas, clubs, entidades e actividades, tendo en conta criterios previamente establecidos para cada categoría.

A labor do xurado garante transparencia, equidade e recoñecemento axeitado ao esforzo e á excelencia deportiva, contribuíndo a promover os valores de constancia, deportividade, inclusión e compromiso coa sociedade. Cada membro do xurado debe puntuar con coidado e responsabilidade, baseándose en información verificada e na súa experiencia, sempre co obxectivo de premiar as candidaturas máis destacadas en cada ámbito.

Datas da convocatoria do xurado

- **Do 8 a 15 de outubro** - formulario para a primeira selección
- **Mércores 29** (horario a confirmar) - A mesa do deporte xúntase de maneira presencial para preservar a transparencia, coherencia e blablabla para a selección oficial das persoas, clubs e entidades premiadas.

Criterios de avaliación dos premios

A continuación, preséntanse uns puntos xerais que servirán de referencia para que o xurado teña unha visión común á hora de avaliar as candidaturas. Posteriormente, explicarase o sistema de puntuación que se utilizará e como se aplicará, seguido dos criterios específicos para cada premio.

Estes elementos serven como **guía para garantir que a avaliación sexa obxectiva, coherente e transparente**, recoñecendo de forma adecuada o mérito, o esforzo e o impacto positivo de deportistas, clubs, entidades e actividades no ámbito deportivo e na comunidade.

Puntos xerais para o xurado que conforma a mesa do deporte

1. **Igualdade e Inclusión:** Todas as candidaturas serán valoradas en igualdade de condicións, sen discriminación por xénero, idade, diversidade funcional, orixe cultural ou calquera outra condición persoal ou social. Procurarase unha representación equilibrada de mulleres e homes e visibilización da diversidade no deporte local.
2. **Méritos Deportivos:** Teranse en conta os resultados e logros acadados durante o período de valoración, incluíndo títulos, medallas, participación en seleccións ou competicións oficiais, progresión persoal, esforzo e dedicación.

3. **Proxección e Traxectoria:** Avaliarase a continuidade e constancia dos deportistas en categoría absoluta, así como o potencial e progresión dos deportistas promesa. Considerarase especial atención a quen supere dificultades persoais ou sociais.
4. **Valores Humanos e Sociais:** Valorarase o comportamento deportivo baseado no respecto, xogo limpo, cooperación e solidariedade, así como a contribución á igualdade, inclusión e referencia positiva para a mocidade.
5. **Implicación Social e Comunitaria:** Terase en conta a participación en actividades deportivas ou sociais que fomenten inclusión, igualdade de oportunidades, integración ou fomento do deporte base, así como o compromiso con proxectos comunitarios.
6. **Innovación e Superación Persoal:** Recoñeceranse aqueles casos que evidencien capacidade de innovación, creatividade ou superación de dificultades persoais ou colectivas no ámbito deportivo.
7. **Transparencia e Imparcialidade:** O xurado actuará con obxectividade e independencia, facendo públicas as categorías e criterios de valoración. En caso de empate, priorizarase a candidatura que mellor represente os valores de igualdade, inclusión e cohesión social a través do deporte.

Sistemas de puntuación

As persoas que formen parte do xurado deberán avaliar cada unha das candidaturas presentadas, asignando unha **puntuación entre 1 e 10** para cada un dos criterios específicos presentados. Isto farase nunha primeira votación a través dun formulario que se enviará trala constitución da Mesa, e que os membros da Mesa terán do 8 ao 15 de outubro para completar.

Desa primeira votación saíran os finalistas (aqueles que acaden maior puntuación total), que se someterán a unha segunda rolda de votacións o día 29 de outubro. Neste caso, os criterios de puntuación serán os mesmos, pero as decisións deberán estar motivadas por escrito. Desta segunda rolda de votacións saíran as candidaturas gañadoras.

PREMIO ENTIDADE QUE COLABORA CO DEPORTE

Criterio	Que se valora?	Puntuación recomendada
Apoio económico	Cantidade e continuidade do patrocinio, bolsas ou axudas a deportistas/clubes.	0-10

Apoio loxístico ou infraestrutural	Cesión de instalacións, equipamento, transporte, persoal, servizos de comunicación, etc.	0-10
Impacto real no deporte local	Número de deportistas/clubes beneficiados, mellora da participación, resultados obtidos grazas ao apoio.	0-10
Duración e constancia da colaboración	Non só un apoio puntual, senón compromiso sostido no tempo.	0-10
Innovación e responsabilidade social	Proxectos pioneiros, integración de colectivos en risco de exclusión, igualdade de xénero, sustentabilidade.	0-10
Visibilidade / promoción do deporte	Accións de comunicación, difusión de valores deportivos, campañas para captar xente nova.	0-10

PREMIO MELLOR EVENTO DEPORTIVO

Criterio	Que se valora?	Puntuación recomendada
Participación	Número de participantes, clubs ou países implicados, diversidade de categorías (idade, xénero).	0-10
Organización e calidade técnica	Planificación, seguridade, cumprimento de horarios, atención aos deportistas e público, coordinación de voluntariado.	0-10
Repercusión mediática e social	Cobertura en medios, redes sociais, impacto na comunidade, asistencia de público.	0-10
Innovación	Novas modalidades, tecnoloxías empregadas, formatos atractivos, inclusión de colectivos especiais, enfoque sostible.	0-10
Aportación ao deporte local	Fomento da práctica deportiva, visibilidade para o deporte base, colaboración con clubs/entidades.	0-10
Continuidad / proxección de futuro	Capacidade de consolidarse como evento anual ou de crecer en vindeiras edicións.	0-10

PREMIO A UNHA VIDA ADICADA AO DEPORTE

Criterio	Que se valora?	Puntuación recomendada
Anos de dedicación	Tempo de implicación continua no deporte (como practicante, adestrador/a, dirixente, colaborador/a).	0-10
Impacto no deporte local	Número de persoas formadas, clubs ou proxectos creados/impulsados, melloras para o deporte na comunidade.	0-10
Resultados e logros deportivos	Títulos, participacións destacadas, marcas, ascensos de equipos, logros dos seus deportistas.	0-10
Transmisión de valores	Educación en deportividade, igualdade, inclusión, traballo en equipo, promoción da saúde.	0-10
Innovación / contribución especial	Introdución de novas prácticas, metodoloxías ou proxectos pioneiros.	0-10
Recoñecemento social	Respecto e prestixio entre deportistas, institucións e veciñanza.	0-10

PREMIO MELLOR EQUIPO DA TEMPADA

Criterio	Que se valora?	Puntuación recomendada
Resultados deportivos	Títulos, ascensos, clasificacións, melloras de rendemento na tempada.	0-10
Mellora respecto a anos anteriores	Evolución positiva do club/equipo: máis licenzas, mellores resultados, novas categorías.	0-10
Impacto social e participación	Actividades para fomentar o deporte, eventos propios, captación de xente nova.	0-10
Valores de deportividade / inclusión	Comportamento exemplar en competicións, respecto a rivais, promoción de igualdade.	0-10

Organización interna e xestión	Capacidade de xestión, estabilidade de directiva, comunicación con socios.	0-10
Proxección e continuidade	Potencial de consolidar resultados, manter proxectos e crecer no futuro.	0-10

PREMIO MELLOR ADESTRADOR/A

Criterio	Que se valora?	Puntuación recomendada
Resultados deportivos do equipo/deportistas	Logros competitivos, títulos, marcas, ascensos ou clasificacións destacadas.	0-10
Mellora individual e colectiva	Evolución técnica e táctica dos deportistas, progresión respecto a anos anteriores.	0-10
Xestión do grupo / liderado	Capacidade de motivar, crear bo ambiente, comunicación e cohesión do equipo.	0-10
Impacto na formación deportiva	Promoción de valores, educación en hábitos saudables, integración de base e canteira.	0-10
Innovación metodolóxica	Uso de novas técnicas de adestramento, tecnoloxías ou enfoques pedagóxicos.	0-10
Repercusión e recoñecemento	Respecto entre rivais e institucións, exemplo para a comunidade deportiva.	0-10

PREMIO ESCOLA BASE

Criterio	Que se valora?	Puntuación recomendada
Fomento da práctica deportiva	Cantidade de nenos/as participantes, actividades organizadas, promoción do deporte na comunidade.	0-10

Calidade da formación	Nivel técnico e pedagógico dos adestradores, planificación de adestramentos, evolución dos alumnos.	0-10
Transmisión de valores deportivos	Fair-play, respecto, inclusión, traballo en equipo, igualdade de xénero.	0-10
Innovación e metodoloxía	Novas técnicas de adestramento, enfoque pedagógico creativo, uso de tecnoloxías educativas.	0-10
Impacto social / integración	Inclusión de colectivos en risco, colaboración con familias e centros educativos, participación en eventos sociais.	0-10
Proxección e continuidade	Capacidade de manter e crecer a escola no futuro, consolidación de proxectos de base.	0-10

PREMIO DEPORTISTA MASCULINO CON MAIOR PROXECCIÓN

Criterio	Que se valora?	Puntuación recomendada
Resultados deportivos actuais	Logros na tempada: títulos, marcas, clasificacións destacadas, participación en competicións relevantes.	0-10
Proxección e potencial	Capacidade de seguir progresando, aptitudes físicas e técnicas, previsión de éxito futuro.	0-10
Compromiso e constancia	Regularidade nos adestramentos, esforzo e dedicación ao deporte.	0-10
Valores deportivos	Fair-play, espírito de equipo, respectar normas, responsabilidade, compromiso.	0-10
Innovación / versatilidade	Capacidade de adaptarse a novas técnicas, posicións ou disciplinas dentro do deporte.	0-10
Impacto na súa contorna	Influencia positiva sobre compañeiros, inspiración para outros deportistas, participación en actividades da comunidade deportiva.	0-10

PREMIO DEPORTISTA FEMININA CON MAIOR PROXECCIÓN

Criterio	Que se valora?	Puntuación recomendada
Resultados deportivos actuais	Logros na tempada: títulos, marcas, clasificacións destacadas, participación en competicións relevantes.	0-10
Proxección e potencial	Capacidade de seguir progresando, aptitudes físicas e técnicas, previsión de éxito futuro.	0-10
Compromiso e constancia	Regularidade nos adestramentos, esforzo e dedicación ao deporte.	0-10
Valores deportivos	Fair-play, espírito de equipo, respectar normas, responsabilidade, compromiso.	0-10
Innovación / versatilidade	Capacidade de adaptarse a novas técnicas, posicións ou disciplinas dentro do deporte.	0-10
Impacto na súa contorna	Influencia positiva sobre compañeiros, inspiración para outros deportistas, participación en actividades da comunidade deportiva.	0-10

PREMIO DEPORTISTA MASCULINO ABSOLUTO

Criterio	Que se valora?	Puntuación recomendada
Resultados deportivos	Logros competitivos na tempada: títulos, marcas, clasificacións, participación en competicións de relevancia.	0-10
Proxección e regularidade	Constancia nos resultados, evolución comparada co pasado, mantemento de alto nivel competitivo.	0-10
Valores deportivos	Fair-play, espírito de equipo, respecto ás normas e rivais, compromiso e ética.	0-10
Impacto e influencia	Inspiración para outros deportistas, participación en proxectos ou actividades da comunidade deportiva.	0-10
Innovación / versatilidade	Capacidade de adaptarse a novas técnicas, disciplinas ou retos dentro do deporte.	0-10

Repercusión / recoñecemento	Visibilidade mediática, premios, recoñecemento público ou institucional.	0-10
------------------------------------	--	-------------

PREMIO DEPORTISTA FEMININA ABSOLUTA

Criterio	Que se valora?	Puntuación recomendada
Resultados deportivos	Logros competitivos na tempada: títulos, marcas, clasificacións, participación en competicións de relevancia.	0-10
Proxección e regularidade	Constancia nos resultados, evolución comparada co pasado, mantemento de alto nivel competitivo.	0-10
Valores deportivos	Fair-play, espírito de equipo, respecto ás normas e rivais, compromiso e ética.	0-10
Impacto e influencia	Inspiración para outros deportistas, participación en proxectos ou actividades da comunidade deportiva.	0-10
Innovación / versatilidade	Capacidade de adaptarse a novas técnicas, disciplinas ou retos dentro do deporte.	0-10
Repercusión / recoñecemento	Visibilidade mediática, premios, recoñecemento público ou institucional.	0-10

PREMIO MELLOR ACTIVIDADE/ ACCIÓN SOCIAL

Criterio	Que se valora?	Puntuación recomendada
Impacto social	Alcance da actividade: número de persoas beneficiadas, colectivos implicados, integración de grupos en risco de exclusión.	0-10
Innovación / creatividade	Novidade da actividade, enfoque creativo, metodoloxía diferente ou orixinal.	0-10
Valores promovidos	Fair-play, inclusión, igualdade de xénero, saúde, cooperación e solidariedade.	0-10

Calidade da organización	Bo planeamento, recursos utilizados, coordinación e execución da actividade.	0-10
Sustentabilidade e / continuidade	Posibilidade de manter a actividade no tempo, impacto a longo prazo.	0-10
Visibilidade / repercusión	Difusión mediática, sensibilización da comunidade, participación da sociedade.	0-10